

A Estrada, partido xudicial*



O Real Decreto de 21 de abril de 1834 que asinou en Aranjuez a Raíña Gobernadora María Cristina de Borbón-Dos Sicilias en representación da súa filla Isabel II, veu poñer algo de orde no intrincado mapa xudicial español herdado do Antigo Réxime. Suprimidos os cargos xudiciais (correxidor, alcalde maior e alcalde ordinario) e as demarcacións territoriais precedentes (correximentos, cotos, xurisdicións...), instáuranse os partidos xudiciais tal e como chegaron aos nosos días. Creouse entón o Partido de Tabeirós que, posteriormente, trasladará a súa sede á nacente vila da Estrada, constituída desde entón en cabeza do Partido Xudicial da Estrada, que comprende o propio concello e os de Cerdedo e Forcarei.

Mais velaquí que no 2012 presentouse un proxecto de bases para unha nova demarcación xudicial no que, entre outras resolucións, se propón a supresión dos actuais Partidos Xudiciais, que se integrarían nos Tribunais de Instancia residentes nas capitais de provincia, circunstancia que resultou inaceptable para todos. Neste momento o proxecto de reforma encóntrase paralizado por mor da forte oposición cidadá e profesional, sendo incerto o seu futuro ao ter dimitido do seu cargo o ministro que inspirou tan desafortunado proxecto de lei. A Estrada, pola súa prestixiosa e acendrada tradición xurídica, non merece ser privada da cabeceira de Partido Xudicial que lle foi concedida hai máis de 170 anos.

* Agradecimentos: don Miguel Ramón de la Calle Amaro, doante da fotografía que ilustra este texto. A don Manuel Docampo que amablemente a documentou. Noni Araújo, Severino Castedo e Marga Fraga.
Fotografía: Museo Manuel Reimóndez Portela de A Estrada. Fondo Miguel Ramón de la Calle Amaro.



Primeira fila, sentados no chan, de esquerda a dereita: 1. Tito Porto; 2. Sebastián abarca; 3. Benito Valiñas.

Segunda fila, sentados en cadeiras, de esquerda a dereita: 4. Antonio Bastida; 5. Juan Lois, avogado; 6. Luís Losada Magariños, Xuíz Municipal; 7. Xuíz de Primeira Instancia; 8. Manuel Lois, Secretario Xulgado de Primeira Instancia; 9. Bernardino Sanmartín; 10. Ramón Leyes, Forense; 11. Justo Arines.

Terceira fila, en pé, de esquerda a dereita: 12. Perfecto Paseiro; 13. José Docampo; 14. Pepe Brea; 15. Descoñecido; 16. José Espinosa; 17. Néstor Neira; 18. Manuel Castedo; 19. Manuel Rodríguez (Perito); 20. Pedro Varela.

A modo de simbólica homenaxe ás moitas xeracións de xuíces, abogados, procuradores e funcionarios xudiciais que exerceron a súa profesión nesta vila, ofrecemos esta vella fotografía, que leva no reverso a data 21 de decembro de 1952.